FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 6 DE FEBREIRO DE 2026

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día seis de febreiro de dous mil vinte e seis, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.ª MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.ª MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.ª MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.ª MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D.ª PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.ª MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.ª PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.ª ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.ª MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.ª NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.ª MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora interina, D.ª Laura García Santiago, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.ª Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 6 de febreiro de 2026, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico http://plenos.cambre.es (ID: Video_202602061000010000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2026"

***Acceso á videoacta* – 00:00:34 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2026 (CVD: 1fQ93QICGu22FQW6rika), que foi ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2026, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS+) do ano 2026 cuxas bases foron publicadas no BOP número 231 do 2 de decembro de 2025.

Segundo o disposto na base 2 das reguladoras do Plan, os concellos poderán destinar a cantidade asignada neste Plan aos seguintes obxectos:

- Gasto corrente
  O Concello poderá destinar a "achega provincial 2026", e neste exercizo 2026 tamén a "achega provincial 2025", ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio 2026 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas Bases 2.1 e 5.B.1.

- Realización de investimentos
  O Concello poderá destinar a "achega pronvicial 2026" e a "achega provincial 2025" ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- Gastos sociais
  O Concello poderá destinar a "achega provincial 2026 extraordinaria" ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do "POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026".

- Redución da débeda do Concello coa Deputación pola utilización de préstamo pronvincial ou para gasto corrente dos Concellos sen esta débeda.
  O Concello poderá destinar esta "achega provincial extraordinaria" á redución da débeda que teñen coa deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+2017 a 2023, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

As cantidades do POS+2026 asignadas a este Concello para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

Achega provincial 2026	Achega provincial 2025	Total POS+2026
571.661,61	606.307,77	1.177.969,38

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar prácticamente a totalidade do importe correspondente á "Achega provincial 2025" (606.307,77€) aos investimentos financeiramente sostibles, que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
"PBE Reforma integral de la plaza Fernando Buesa" (actualizado año 2026)	437.937,47€
"PBE Mejora funcional del paseo de los Templarios. Cambre. Fase 1"(actualizado año 2026)	153.926,12€
TOTAL	**591.863,59 €**

- Destinar a totalidade do importe da asignación da "Achega provincial 2026" (571.661,61€), ao investimento que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
"Mejora de caminos municipales en Cambre, Anceis, Sigrás y otros. Cambre 2026"	579.085,82€
TOTAL	579.085,82€

Ademais, as bases reguladoras do POS + 2026, establecen a obriga para os Concellos de solicitar "investimentos financeiramente sostibles" dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 25% da achega provincial 2026, isto é, como mínimo 142.915,40€, facéndose un proxecto por un importe de 333.462,13€.

Así, proponse como actuacións, os seguintes investimentos:

Denominación	Importe (IVE engadido)
"Acondicionamento de local municipal con destino a archivo municipal"	333.462,13€
TOTAL	333.462,13€

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son as de mellorar a accesibilidade para adaptarse ás esixencias da normativa e ir avanzando na eliminación dos déficits urbanos, así como facilitar o uso dos espazos públicos a toda a veciñanza do concello.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

Dentro da achega provincial 2025, inclúense os seguintes proxectos:

1.-“PBE Reforma integral de la plaza Fernando Buesa” (actualizado 2026) Importe: 437.937,47€

Con este proxecto plantéxase a reordenación do parque e a mellora dos distintos espacios existentes coa incorporación de novas zonas e equipamentos, para o ocio e distrute dos usuarios.

A mellora deste espazo exterior, ten como obxectivo que a zona recupere atractivo co fin de revitalizar a contorna do parque.

A actuación centrarase na reordeación do parque permitindo a actualización do parque infantil e a aparición de novos espazos que amplíen a oferta de usos de toda a praza. A nova configuración priorizará a accesibilidade dos percorridos. Preténdese sacar o máximo partido á realizade topográfica: desniveis, soleamento e accesos, sabendo que unha parte da praza se atopa condicionada pola existencia dun garaxe comunitario baixo o subsolo.

Este proxecto estaba incluído no POS + Adicional 2/2021, pero trala súa contratación, a obra quedou deserta sendo inviable a súa contratación de novo, dado o prazo outorgado pola Deputación Provincial da Coruña, 30 de novembro de 2025, motivo polo que se solicitou a anulación do POS + Adicional 2/2021 e a reinversión da devandita obra. A día de hoxe, para contratala, fíxose necesario únicamente, actualizar os prezos do orzamento do proxecto.

2.-“PBE Mejora funcional del paseo de los Templarios. Cambre. Fase 1” (actualizado a 2026). Importe: 153.926,12€

Con este proxecto o Concello de Cambre pretende realizar as obras necesarias para mellorar funcionalmente a realidade que presenta o Paseo dos Templarios como espazo de percorrido, ocio e esparcemento. Plantéxase a realización dun novo diseño e a reconfiguración do paseo para naturalizar o seu aspecto e facer unha proposta de uso máis atractiva de cara aos usuarios do mesmo.

Proponse, na Fase 1, a actuación sobre un tramo de paseo dunha lonxitude aproximada de 126 metros. Básase no deseño dun módulo de desenvolvemento do paseo cuxa sucesión faga posible completar a totalidade do mesmo. Dito módulo serviría como actuación estándar para calquera tramo do paseo marítimo e unificaría o deseño do entrono a unha mesma proposta capaz de adaptarse puntualmente ás diferentes zonas do seu trazado.

A actuación centrarase na mellora integral do pavimento e unha nova configuración dos distintos espazos con axardinamento e elementos de mobiliario e instalacións adaptados ao novo deseño.

Este proxecto estaba incluído no POS+ 2022, pero como non se iniciou a súa contratación, e tendo en contra o prazo de execución (5 meses), solicitouse a anulación e a reinversión da devandita obra. A día de hoxe, fíxose necesario únicamente, actualizar os prezos do orzamento do proxecto.

Dentro da achega 2026 inclúese a actuación denominada “Mejora de caminos municipales en Cambre, Anceis, Sigrás y otros. Cambre 2026”. Importe 579.085,82€.

Este proxecto ten por obxecto o desbroce dos caminos e limpeza de gabias, taxeas e marxes ao longo de cada actuación, principalmente por medios mecánicos e o uso de medios manuais onde o pavimento acércase aos muros

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

de peche ou construccións existentes; e nunha mellora das condicións de drenaxe a través da apertura e perfilado de gabias por ambalasdúas marxes, incluso o refino de taludes e desatasco de tubaxes.

En canto ao firme, levaranse a cabo actuacións puntuais de reforzo, executando unha escarificación do mesmo nos arranques, reforzo da base granular, en relación á capa de rodadura existente. Unha vez barrida e limpa a superficie realizarase unha mellora consistente na aplicación de mezcla bituminosa quente AC16surfD, ex D-12, previa preparación da superficie con mezcla coa mesma mezcla bituminosa, cando sexa necesario. Antes de extender a nova capa, disporase o rego de adherencia correspondente ou se aplicarán regos de imprimación segundo sexa o caso, sendo o espesor desta de 5 cm. Así mesmo, nos traballos previstos se contempla o perfilado, retirada e acopio de tapas e marcos de servizos existentes cando fora necesario, así como a súa posterior reposición a cota de rasante definitiva.

Finalmente, en tódolos camiños abordarase a sinalización horizontal e vertical correspondente.

Por outra banda, o proxecto que se propón incluir no POS +2026 Complementario denomínase “Acondicionamento de local municipal con destino a archivo municipal”. Importe: 333.462,13€

Na actualidade, o Arquivo Municipal do Concello de Cambre atópase ubicado no Edificio Consistorial, concretamente no espazo baixo cuberta. Trátase dun emprazamento inadecuado, pois carece de accesibilidade, servizos básicos e considicións técnicas de conservación, o que compromete tanto a integridade da documentación como a correcta atención á cidadanía. Entre as principais deficiencias cabe sinalar a ausencia dun sistema de climatización específico, a dificultade de acceso e, especialmente, a inadecuación do espazo para a correcta organización e xestión dos fondos documentais, o que limita de xeito significativo a prestación do servizo.

Por todo elo, considérase necesario proceder ao traslado do Arquivo Municipal a un espacio específicamente acondicionado, que permita dar cumprimento aos estándares normativos e técnicos en materia de accesibilidade, seguridade e conservación documental, garantindo o tratamento axeitado en canto á producción, xestión, organización, conservación e difusión dos documentos xerados polo Concello ou recibidos no exercizo das súas funcións tal e como establece a Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

A ubicación do novo Arquivo Municipal será no número 4 da rúa Rio Sil, na Barcarla. A superficie total do local ascende a 1.275,2 dos cales procederase a acondicionar 427,50m2 construídos para o seu uso como Arquivo Municipal.

Logo de ver os anexos V das obras emitidos polo arquitecto, don Antonio Rodríguez Fabello, segundo se indica a continuación:

- “PBE Reforma integral de la plaza Fernando Buesa” actualizado a 2026, con data 20 de xaneiro de 2026 (CVD: GnYESat6gO4EnfRGnQjm).
- “PBE Mejora funcional del paseo de los Templarios. Cambre. Fase 1“, actualizado a 2026, con data 20 de xaneiro de 2026 (CVD: dJ66p1mu63psmjq4axBs).
- “Mejora de caminos municipales en Cambre, Anceis, Sigrás y otros. Cambre 2026”, con data 29 de xaneiro de 2026 (CVD: sI6zq+V/8N+tQry7G87w).
- “Acondicionamiento de local municipal con destino a archivo municipal ”, con data 20 de xaneiro de 2026 ().

Logo de ver os informes-anexos VI emitidos pola Secretaria Xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo, que se indican a continuación:

- “PBE Reforma integral de la plaza Fernando Buesa” actualizado a 2026, de data 2 de febreiro de 2026 (CVD: jpeLboHk/8VgnCdcTW6T).
- “PBE Mejora funcional del paseo de los Templarios. Cambre. Fase 1“, actualizado a 2026, con data 2 de febreiro de 2026 (CVD: X3Vi8bvn4JOl/DzMzd1a)

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

- **“**Mejora de caminos municipales en Cambre, Anceis, Sigrás y otros. Cambre 2026”, con data 2 de xaneiro de 2026 (CVD: SQx4NRIKVYh+OIUFhrG0)
- “Acondicionamiento de local municipal con destino a archivo municipal ”, con data 2 de febreiro de 2026 (CVD: xNw36ZoDqY9to7vrckCj)

Vistos os informes-anexos VIII emitidos pola Interventora interina, dona Laura García Santiago, que se relacionan de seguido:

- “PBE Reforma integral de la plaza Fernando Buesa” actualizado a 2026, de data 2 de febreiro de 2026 (CVD: XXcdggwkdN0kaTM++KKZ).
- “PBE Mejora funcional del paseo de los Templarios. Cambre. Fase 1“, actualizado a 2026, con data 2 de febreiro de 2026 (CVD: zGWcR2UExeP6aPGuwhX2)
- “Acondicionamiento de local municipal con destino a archivo municipal ”, con data 2 de febreiro de 2026 (CVD: UAH0J3pSJJyEoC/wjqER)

Considerando a innegable necesidade de execución das obras previstas e o interese público de carácter local que os mesmos teñen.

Con base no anterior, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á “achega provincial 2025”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00€
Achega provincial 2025 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00€
Subtotal gasto corrente	**0,00€**

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
"Mejora de caminos municipales en Cambre, Anceis, Sigrás y otros. Cambre 2026"	571.661,61€	7.424,21€	0,00	0,00	579.085,82€
Subtotal investimentos achega provincial 2026	**571.661,61€**	**7.424,21€**	**0,00**	**0,00**	**579.085,82€**

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
"PBE Mejora funcional del Paseo de los Templarios. Cambre. Fase1" actualizado 2026	153.926,12€	0,00	0,00	0,00	153.926,12€
"PBE Reforma integral de la plaza Fernando Buesa" actualizado 2026	437.937,47€	0,00	0,00	0,00	437.937,47€
Subtotal investimentos achega provincial 2025	**591.863,59 €**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**591.863,59 €**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

C) Resumo:

POS + 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soport. deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	0,00 €				0,00 €
	Achega 2025 (Excep. Base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026	571.661,61€	7.424,21€	0.00€	0.00€	579.085,82€
	Achega 2025	591.863,59€	0.00€	0.00€	0.00€	591.863,59€
D- TOTAL	Achega 2026	571.661,61€	7.424,21€	0.00€	0.00€	579.085,82€
	Achega 2025	591.863,59€	0.00€	0.00€	0.00€	591.863,59€
	TOTAL	**1.163.525,20€**	**0,00€**	**0,00€**	**0,00€**	**1.170.949,41€**

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúe o investimento financeiramente sostible que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	**(A) Orzamento contrata**	**(B) IVE soportado deducible** (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	**(C = A-B) Orzamento subvencionable** (Diferenza entre a columna A e a B)
"Acondicionamento de local municipal con destino a archivo municipal"	333.462,13€	0,00€	333.462,13€
TOTAIS	**333.462,13€**	**0,00€**	**333.462,13€**

3.- Declarar que o concello comprométese a ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financieras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldesa para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Solicita o uso da palabra a Sra. Pan Lesta que manifesta que ten unha emenda á proposta que transcrita di:

"Emenda ao punto número 2 no que se aproba o Plan Complementario do ano 2026

Propoñemos ao pleno municipal cambiar ese punto para que quede redactado como segue:

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúe o investimento financeiramente sostible que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	**(A) Orzamento contrata**	**(B) IVE soportado deducible** (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	**(C = A-B) Orzamento subvencionable** (Diferenza entre a columna A e a B)
Ordenación e urbanización espazo público no entorno Apeadeiro Cecebre	381.868,05 €	0	381.868,05 €
TOTAL	**381.868,05 €**		**381.868,05 €**

"

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

A continuación, intervén a Sra. Pan Lesta quen da conta da emenda presentada.

Seguidamente interveñen o Sr. Vázquez Pérez e o Sr. González Leirós.

Cando son as once horas e vinte e un minutos, a solicitude do voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a Presidencia concede un receso, polo que se suspende a gravación ***(Acceso á videoacta 00:21:55 horas).***

Cando son as once horas e vinte e oito minutos reanúdase a sesión e a súa gravación ***(Acceso á videoacta 00:21:57 horas).***

Interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a voceiro de UxC, Sra. Pan Lesta, o concelleiro de AV, Sr. Castro Uzal, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Seguidamente a Sra. presidenta concede o uso da palabra á secretaria xeral, quen, unha vez concedido, di que en relación coa emenda presentada só dicir que proponse a inclusión dunha obra que a día de hoxe

xa está financiada pola Deputación Provincial da Coruña e atópase o procedemento en fase de licitación; que ao tratarse dunha obra xa financiada, con carácter previo á adopción deste acordo que se propón na emenda, deberían terse realizado unha serie de actuacións previas, unha delas solicitar á Deputación precisamente a renuncia e o reinvestimento, e como queira que a obra atópase financiada, e atópase en licitación, debería iniciarse e tramitarse un procedemento para acordar o seu desestimento, cuxa competencia corresponde á Xunta de Goberno Local, o desistimento, e procedemento no que habería que analizar a posibilidade de determinar se concorren os requisitos legais para proceder a isto.

Tras a intervención de varios concelleiros e concelleiras a micrófono pechado a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, quen solicita un novo receso en atención á información facilitada pola Sra. secretaria.

Intervén a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

Cando son as doce horas e quince minutos, a solicitude do voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a Presidencia concede un receso, polo que se suspende a gravación ***(Acceso á videoacta 01:07:59 horas).***

Cando son as doce horas e vinte e catro minutos reanúdase a sesión e a súa gravación ***(Acceso á videoacta 01:08:00 horas).***

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, do voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda presentada por UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade.

Votos en contra: Catorce (14), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, López Louro, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a emenda de UxC.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres.as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e López Louro.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2026 (CVD: 1fQ93QICGu22FQW6rika), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/06/2026 14:18:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 19/06/2026 14:21:00)
Versión imprimible
CVD: c6tU0Tv2oNdPLidipF3y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/